

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 23 DE
SETEMBRO DE 2021**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/4833, o día 20 de setembro de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1º Á vista da eliminación polas entidades financeiras Abanca e Banco Santander do único caixeiro automático existente na urbanización A Barcala e do desmantelamento da sucursal existente no Temple, respectivamente; desde o Grupo Municipal Popular reiteramos a nosa petición do pasado mes de xullo ao alcalde de Cambre para que realice as xestións necesarias para que por ambas entidades bancarias se rehabilite a prestación dun adecuado servizo aos veciños da urbanización A Barcala e á parroquia do Temple e por extensión a todos os veciños do municipio de Cambre.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregunta se dende que trouxeron este tema ao pleno teñen feito algo.

Dona María Dolores Pan Lesta contesta que é un tema que leva directamente o alcalde. Ela sabe que se mantiveron conversas, pero é o señor alcalde quen sabe exactamente en que punto está.

2º Nas Comisións Informativas do pasado mes de xullo, desde o Grupo Municipal Popular solicitouse da concelleira competente que se lles remitise o informe e documentación xustificativa das axudas e subvencións que desde o noso concello se teñen aprobado e concedido ás distintas asociacións de empresarios de Cambre.

Transcorridos dous meses sen que tal informe e documentación xustificativa fose remitida (*s.e.u.o.* deste grupo municipal), reitérase a petición de remisión do informe e documentación interesada.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo e pide desculpas. Di que se non poden hoxe, o terán mañá.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4833, o día 20 de setembro de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª-2ª- 3ª Por diferentes resolucións de Alcaldía, aprobáronse facturas e recoñecéronse obrigas con reparos da Intervención municipal por importe de máis de 310.000 €, conforme co disposto na seguinte táboa:

Nº. RESOLUCIÓN ALCALDÍA	IMPORTE
734/2021	80.599,64€
756/2021	27.370,42€
946/2021	23.162,19€
947/2021	75.236,97€
1437/2021	66.623,31€
1438/2021	25.024,40€
1439/2021	14.207,95€

Á vista do cal, dende o Grupo Municipal Popular solicítase á concelleira competente que informe sobre os seguintes extremos:

- Relación de facturas ás que se refiren as ditas resolucións, con especificación do importe de cada unha delas.
- Identificación das persoas físicas ou xurídicas que expiden as ditas facturas.
- Motivo e clase dos reparos da Intervención municipal a estas facturas.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que lles remitirá a información por correo electrónico, xa que é moi extensa.

4ª Nos últimos días tivemos coñecemento da aprobación por parte da Xunta de Galicia, do financiamento dun novo obradoiro de emprego concedido ao Concello de Cambre. Obradoiro no que se formará a 20 persoas en atención sociosanitaria e na confección de páxinas web a través do taller Proxedis-Proweb.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente en materia de Desenvolvemento Socioeconómico, cal é o financiamento achegado pola Xunta de Galicia para a realización deste novo obradoiro de emprego e cal a achega económica do noso concello a este.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que 367.946 euros, e que a achega do concello é de 6.000 euros.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregunta a que se destinarán eses 6.000 euros.

Don Diego Alcantarilla Rei contesta que ao que sexa necesario para os obradoiros.

5ª Os servizos prestados desde o departamento de Protección Civil son fundamentais para a seguridade pública dos cidadáns, debendo contar para o correcto exercicio das súas funcións cos medios materiais e humanos precisos. Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta á concelleira competente sobre as previsións de cubrir o máis axiña posible aquelas prazas que se atopan vacantes en

Protección Civil de Cambre.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que hai dúas prazas cubertas de forma interina, pero a nivel de medios humanos están cubertos todos os postos.

Conclúe que nestes momentos están finalizando os concursos que comezaron no 2018.

6ª Aberto o peculiar pseudo-proceso de participación cidadá para a elaboración dos autodenominados “orzamentos participativos” do Concello de Cambre, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira competente sobre o custo previsto do devandito proceso para as arcas municipais así como o gasto efectivamente realizado no devandito proceso no exercicio anterior.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que tanto este ano como o ano pasado estase levando a cabo con persoal do concello.

En canto á xestión da app e web o importe foi de 1050,18 euros o ano pasado e 1149,62 para este ano.

Preguntas de C's presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4826, o día 20 de setembro de 2021, xunto co resto de preguntas presentadas para as comisións informativas.

1ª Son varias as solicitudes rexistradas por esta concelleira en sede electrónica das que aínda non tivemos contestación desde o mes de xullo:

- Nº rexistro: 202199900003913, do 21 de xullo
- Nº rexistro: 202199900003998, de data 27 de xullo e reclamada posteriormente co nº de rexistro 202199900004670, o 10 de setembro

Pregunta: Cal é o motivo de non ter contestado e cando poderán facelo?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que en breve lle pasarán a resposta ao rexistro do día 21 de xullo. Do resto di que se lle pasou ao xefe da Área de Urbanismo e remitiráselle en breve.

2ª En relación coa pregunta anterior, outras dous solicitudes apareceron contestadas de forma conxunta na sede electrónica, “As miñas xestións”, “Expedientes” co nº de expediente 2021/X006/000447 o 04/08/2021 (achegamos captura de pantalla) pero sen ter recibido a solicitante ningún tipo de notificación de que se tiña contestado, nin ningunha outra indicación de que a resposta estaría nos expedientes que se xeran no perfil da oficina virtual do solicitante. Pregunta:

Non se comunica aos solicitantes cando as respostas se poñen á súa disposición, como se viña tramitando ata agora?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que, con independencia de ver o caso concreto, o que se fai é que chegue un email onde se di que ten tantos días para abri-lo. A maiores, algúns departamentos envían o email e achegan a

documentación.

A ela cónstalle que se aceptou o 6 de agosto.

Dona María José García Hidalgo, de C's, di que lle gustaría comprobalo, porque lle pasou hai pouco co Consorcio As Mariñas.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/4833, o día 20 de setembro de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1º Veciños da urbanización Os Castros do Bosque, na cambresa parroquia de Cecebre, infórmanos dos máis de dous meses de queixas reiteradas ao Concello de Cambre, na que manifestaban o deplorable estado no que se atopa unha das leiras lindeiras coa devandita urbanización, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, que ao parecer pertence a unha entidade financeira. Inmóble que leva máis dun ano sen limpar nin rozar, o que provocou o crecemento de maleza e silvas que, ademais de ser un eventual foco de incendios, provoca a insalubridade da zona, cuxos veciños refiren a aparición de ratas e serpes que, xunto coa maleza, invaden as propiedades lindeiras. A este respecto, lembrar a existencia de 46 vivendas, coas súas respectivas familias, na urbanización referida e que este grupo municipal xa se dirixiu aos servizos municipais competentes ante a necesidade de resolver a situación con urxencia.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se requira do concelleiro competente que se adopten o máis axiña posible as medidas necesarias para resolver o problema advertido, isto é, a limpeza e roza da leira referida na urbanización Os Castros do Bosque.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, explica que se notificou aos representantes da promotora e contestaron que non son os representantes. Hoxe pola mañá fixo el mesmo unha xestión persoal e díxeronlle que o mirarán, así que insistiranlles, persoalmente. Conclúe dicindo que chamará ao Sr. Abalo para informalo.

2º Sobre a base da escaseza de espazos verdes existentes na parroquia do Temple, veciños do lugar poñen no noso coñecemento a necesidade de repoñer aquelas árbores que foron suprimidas, como a da fotografía que se achega, obtida na rúa Tapia.

Por iso é polo que desde o Grupo Municipal Popular se interesa do concelleiro competente que o máis axiña posible se limpe o alcorque e se repoña a árbore que foi suprimida.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Obras, acepta o rogo.

3º O pasado mes de xullo, o Grupo Municipal Popular interesouse pola retirada da rúa Ramón Cabanillas do Temple, dun vehículo turismo, de cor branca, que se atopa abandonado desde polo menos o mes de novembro de 2019, ao que mesmo lle saíron herbas nas rodas, que se atopa cuberto de verdello por toda a súa superficie (tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan); o que a pesar de ser posto en coñecemento de varios servizos do concello e do tempo transcorrido, segue ocupando polo menos desde entón unha praza de aparcamento que podería ser utilizada polos veciños e usuarios da devandita vía onde tan demandada é a existencia de prazas de aparcamento.

Transcorrendo dous meses desde a referida petición e non sendo retirado o mencionado vehículo do lugar que ocupa na rúa Ramón Cabanillas, desde o Grupo Municipal Popular interésase da concelleira competente que se adopten as medidas necesarias para a súa retirada o máis axiña posible.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, explica que o propietario de cada vehículo ten a súa casuística. O titular do vehículo faleceu, o herdeiro é o fillo e renunciou. Hai un expediente incoado, pero dada esta casuística non se pode retirar así como así. Cando estea aclarado todo resolverase de forma inmediata.

4º O pasado mes de xullo, o Grupo Municipal Popular solicitou que polo concelleiro competente se adoptasen as medidas necesarias para resolver o máis axiña posible os problemas de insalubridade e perigo de incendios advertidos no terreo situado na rúa Sixto, de Cambre, que se recolle nas fotografías que se achegan.

Terreo no que se observaba, e dous meses despois apréciase aínda máis, un evidente estado de abandono; con proliferación de vexetación, silvas e matogueiras que invaden rúas e inmobles lindeiros; convertendo nun auténtico perigo de incendio e un foco de insalubridade, que a seguridade dos cambreses obrigaba corrixir o máis axiña posible.

Transcorridos máis de dous meses desde aquela petición sen que se realizase o interesado, desde o Grupo Municipal Popular reitérase que polo concelleiro competente se adopten as medidas necesarias para resolver o máis axiña posible os problemas de insalubridade e perigo de incendios advertidos no mencionado terreo.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que se lles notificou. O administrador concursal di que el non é o propietario. Son dous terreos, este e o de atrás, e son de distinto propietario.

Para resolver o do primeiro terreo pedíronlle que rozara á inmobiliaria. O problema está co terreo de atrás, que é un tema de herdanza. Xa o publicaron no BOE e o proceso será, seguramente, longo.

Rogo oral presentado polo PP

Don Juan María Abalo Castex, do PP, refírese ás obras de Aián. Di que presentaron un escrito o día 22 e solicitaron saber se hai algún tipo de licenza ou permiso outorgado polo concello. Contestóuselles que para sabelo deben comparecer no procedemento administrativo.

Presentaron outro escrito o día 23, hoxe, manifestando que non é necesario que un concelleiro compareza como parte nun procedemento administrativo para acceder ao expediente, e solicitando que se lles

entregue copia do expediente.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, explica que el le os escritos que presentan, pero en canto pasan á vía administrativa non intervén neles. Non debe intervir. Polo tanto, lerá o seu escrito e preguntará se está de acordo coa normativa.

Conclúe dicindo que lles contestará por escrito.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4833, o día 20 de setembro de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª-2ª Nos últimos días, veciños da rúa Vicente Risco e da parroquia do Temple, viron como esta rúa se precintou durante días nunha das súas marxes, limitado o aparcamento e realizado obras de reparación no que parece ser desprendementos desde un dos seus edificios, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

Ante a inquietude manifestada polos veciños, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente:

- Cal foi o perigo sufrido polos veciños que provocou o precintado da referida rúa e a prohibición ou limitación do aparcamento nunha das súas marxes durante varios días?
- Que actuacións se realizaron ata a data e cales se prevén realizar?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, explica que é un problema da comunidade de propietarios. Chamaron, foi a Policía Local, precintouse perimetralmente e cando se terminaron as obras, retirouse o precinto.

En canto á magnitude das obras o concello non o sabe, son da comunidade de propietarios.

3ª Nos últimos meses están a acometerse obras na Nacional VI que, no que se refire ao noso municipio, céntranse no tramo existente á altura do colexio do Graxal, tal e como se aprecia na fotografía que se achega; que están a provocar retencións de tráfico, sobre todo en horas punta.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente sobre as obras que se están a realizar no lugar e o prazo de execución previsto.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que son obras do POS provincial 2019, e o prazo aproximado será dun mes, dependerá das choivas.

4ª Nos últimos días, os veciños do Temple viron e padeceron as molestias producidas polas vibracións e os rúdos provenientes de dous módulos dunha estrutura de grandes dimensións colocada nas inmediacións da pista polideportiva descuberta do Temple, no Paseo Marítimo da devandita parroquia, tal e como se observa nas fotografías que se achegan.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se require ao concelleiro competente que informe

sobre a devandita infraestrutura e os motivos da súa instalación.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, explica que ocorreu o día das trombas de auga. Teñen un xerador e un xerador de emerxencia, e o día da tromba inundouse o xerador de emerxencia. Acudiron técnicos do concello e da Edar de Bens e contratouse para poder facer o bombeo. Hai que acometer unha serie de obras, polo que ese xerador vai estar aí ata que terminen as obras.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, engade que se buscará algunha solución para que se faga a drenaxe cando se dean este tipo de situacións.

5ª Varias foron as ocasións nas que este Grupo Municipal Popular se interesou nesta lexislatura polo lamentable estado no que se atopa a rúa Lourençiño, un dos accesos máis transitados á capital municipal.

Unha vez acordada polo noso Concello a intervención de emerxencia sobre ela, desde o Grupo Municipal Popular interésase que polo goberno municipal se informe sobre a devandita intervención de emerxencia, na que se inclúa unha definición das operacións previstas, os prazos de execución e o custo que para as arcas municipais vai supoñer a dita intervención.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, explica que é unha dimensión dun viario, e no punto medio, onde vive a ex-bibliotecaria, producíronse dúas caídas dos noiros. Contaminouse a estrutura e o temor é que un día choiva moito e se derrube.

Nese tramo concreto hai que facer unha actuación xa, non en toda a rúa Lourençiño, e o orzamento irán polos 112.000 euros. O viario é de Renfe, pero o estamos usando. Solicitaron a autorización a Renfe. Despois haberá unha intervención en toda a rúa Lourençiño.

6ª Á vista das deficiencias observadas o pasado mes de xuño por este Grupo Municipal Popular nas obras levadas a cabo na urbanización A Barcala, pregúntase ao concelleiro competente se xa se corruxiron os defectos observados e xa contamos coa acta de recepción asinada por todos e cada un dos obrigados a iso.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non foron recepciónadas. Hai que ver unhas cuestións de matices.

Pregunta oral presentada polo PP

Dona María Jesús González Roel, do PP, pregunta polas obras en Altamira. Unha señora maior solicitou un banco, e colocouse o banco e unha pérgola, e pregunta se xa está terminado, pois a pérgola, para protexerse da auga ou do frío, non é.

Dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, contesta que agora vai quedar así, pero están estudando como van a resolvelo.

Pregunta oral presentada por C's

Dona María José García Hidalgo, de C's, expón que en Pravio cortouse unha estrada polo tema das

choivas que caeron. Os veciños din que non se solucionou, e seguen os valos.

Don Juan González Leiros, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, explica que o arranxo corresponde ao propietario. Xa foi avisado tres veces pola apareladora municipal. Estase niso.

Faise constar que cando son as catorce horas e quince minutos auséntase da sesión don Juan María Abalo Castex, do PP.

Pregunta de C's presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 999/4826, o día 20 de setembro de 2021, xunto co resto de preguntas presentadas para as comisións informativas.

Única. O “Proxecto Ríos” organiza dende 2008 o día de “Limpeza simultánea” en moitos concellos de toda Galicia para que persoas voluntarias participen recollendo o lixo dos cursos fluviais dos nosos ríos. Este ano, a décimo cuarta edición celébrase o domingo día 26 deste mes, sen que Cambre apareza entre os lugares ou entidades que participan. Outros anos Cambre si ten participado a través do noso voluntariado, ao que se unían decenas de veciños.

Por todo iso preguntamos:

Por que o noso concello non aparece entre as entidades ou lugares que participan?

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira delegada dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta que é porque nos últimos anos esta actividade xestiónase a través da Asociación de veciños de Cambre afectados polas infraestruturas.

Antes facíase dende o Voluntariado de Cambre, pero iso deixouse de facer e está a levalo esa asociación. Falaron con eles e a súa idea é que, para o vindeiro ano, poidan volver participar. Mentres non conclúa o tema da pandemia prefiren non facer actuación ningunha.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogos e preguntas

Rogos de C's presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/4829, o día 20 de setembro de 2021.

1º Ata en catro ocasións temos realizado propostas en relación coas reparacións da cuberta do polideportivo dos Campóns. A última en marzo, mediante un rogo no pleno ordinario, pedíamos a realización dun informe externo en vías de axudar a buscar unha solución eficaz e duradeira para a súa

reparación, evitando as goteiras que se producen sempre que chove a pesar de terse levado a cabo varias reparacións. O rogo non foi recollido.

O pasado luns día 13, a intensidade da tromba de auga caída puxo de manifesto que todas as reparacións realizadas ata agora non solucionaron nin melloraron a resistencia da cuberta. As imaxes amósannos que fixo augas por practicamente toda a cuberta o que posiblemente teña causado novos danos e máis graves.

Por todo iso realizamos os seguintes rogos:

- Se reconsiderere a posibilidade de encargar un novo informe técnico externo que axude a valorar cal sería a mellor solución para a súa reparación ou chegado o caso, substitución.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que non se acepta o rogo. O que se vai ver é os canlóns, porque a entrada da auga non é pola cuberta, senón polos canlóns.

2º Realizar un informe técnico dos novos danos que se teñan podido ocasionar con motivo das enormes cantidades de auga que entraron no polideportivo o pasado luns indicando que outras zonas das instalacións se viron afectados.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que se están avaliando os danos. Non hai informes, se non é preceptivo o informe non se fará.

3º Copia o acceso ás facturas emitidas ao concello polas últimas reparacións efectuadas desde hai 5 anos atrás na cuberta e unha descrición de todos os traballos realizados.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, acepta o rogo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4833, o día 20 de setembro de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª Como medida de fomento da práctica deportiva entre os máis pequenos do noso municipio, o Concello de Cambre convocou un programa de actividades de verán, a desenvolver fundamentalmente no mes de agosto, por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente polo resultado do devandito programa.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que consultados os datos foi dun 80,30%. Non houbo o tenis de Castros do Bosque porque ninguén se presentou.

2ª Así mesmo, o Concello de Cambre organizou un ano máis os campamentos urbanos, respecto dos cales se interesa do concelleiro competente que informe sobre o resultado dos devanditos campamentos nesta edición.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que nas comisións do mes de xullo xa pasou igual. Esta é unha materia doutra comisión informativa e para seguir co mesmo criterio debe presentarse á dita comisión.

3ª Ante os maiores gastos que pode supoñer para os equipos deportivos do noso municipio o ascenso de categoría, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente se foi concedida ou aprobada algunha axuda ou subvención para os equipos deportivos existentes en Cambre que cubra ditas eventualidades para a tempada que se avexiña.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que non se ten concedido ningunha, pero nas bases xa vén que os equipos que compitan en categoría superior teñen máis puntos.